



OUTONO

Nas noites de outono
 Anda o vento as ceibas.
 ¡Acochádevos todos!
 ¡Zoa a carballeira!



As pobres castañas
 Pingan en ringleira.
 ¡Preparade as cestas!
 ¡Zoa a carballeira!



Nas noites de outono
 Detrás da lareira
 Facemos magostos
 Contamos lendas.

No souto, no meu souto,
 Soutelo da miña aldea,
 Hoxe rin os castiñeiros
 Porque chega a primavera.



Porque chega a primavera
 Zoa o vento máis quediño
 Arrolando as pólas cheas
 De follas e de gromiños.

No souto da niña aldea,
 No soutiño.

X. Babarro. –Ana Mª Fernández



**NAS FESTAS
 DO OUTONO
 NOSO COLE**



VOCABULARIO

Souto: bosque de castiñeiros.

Soutelo: bosque pequeno de castiñeiros.

Zoncho: castaña cocida con casca.

Candea: flor do castiñeiro.

Carabuleca: castaña mirrada que hai nos ourizos xunta as outras.

Varear: Sacudir as pólas das árbores cunha vara para que caia o froito.

Regañar : Producir regañas ou gretas; fender, gretar, lañar.

Coa chegada do outono, chegan tamén as castañas, as caveiras de melón, os calacús... chegan as augas e os tempos escuros; remata o verán, encétase o inverno; vaise a calor e vén o frío; rematan as romarías ao sol e iníciáanse os fiadeiros a carón do lume; son tempos de **Samaín**

VOCABULARIO

Candea: Peza de cera, cunha mecha no interior que se emprega para alumar. Cirio.

Diaño: Demo, demoño.

Celta: Relativo a un grupo de pobos orixinarios de Centroeuropa que no s.VII invadiron o oeste de Europa.

Calacú: Froito da calacueira. Cabaza.

Fiadeiro: reunión que se facía pola noite nunha casa para fiar, falar, cantar e contar historias.

A carón: á beira de, ó lado de, ó pé de, á par de...

Cantiga

A castaña no ourizo
Quixo rir e regañou,
Caeu do castiñeiro abaixo
Mira que chasco levou.



Manuais de outono



SABÍAS QUE....

... denue nái mais de dezasete anos na vila de Cedeira celébrase a Festa de Samaín?

... en Chubut, Arxentina, as comunidades galesas e galegas celebran conxuntamente esta tradición ?

... ao día de hoxe varias localidades francesas están a iniciar tamén as súas Festas de Samaín, para contrapoñelas ao Halloween?

... certas comunidades progresistas de EEUU están celebrando estas datas co nome de Samaín e non Halloween?

... fomos nós, os galegos, os primeiros europeos que erguemos a idea de Samaín para facerlle fronte á alienante moda do Halloween?

Paras saber máis:

<http://vello.vieiros.com/vieirosdaescola/>